

O MOZO LINCOLN

John Ford, 1939

981

ESTREA EN NUMAX: 04.08.2022 | V.O.S.E. | +12 | 95 min

1832. O mozo Abraham Lincoln ten 23 anos e traballa nunha pequena tenda de New Salem, unha vila tranquila de Illinois. Empeza a devorar libros e a estudar Dereito de xeito autodidacta. Pouco a pouco decátase de que o seu talento de comunicador e a súa elocuencia permitiranlle seguir nesta vía. Desgraciadamente, a muller á que ama morre durante o inverno. Lincoln decide irse a Springfield para abrir un gabinete de avogados: comeza entón a súa ascensión cara as cimas do Estado.

«A presenza física de Fonda durante o filme é algo máxico»

Douglas Pratt, THE HOLLYWOOD REPORTER



A construción mítica dunha nación

"Son Abraham Lincoln, sen máis", comeza o seu discurso como representante político da pequena vila de New Salem, Illinois, nos Estados Unidos de América de 1832, un mozo de xestos tímidos. O primeiro que fai antes de comezar a falar é introducir as súas mans nos petos do pantalón. Un home común, pero con pensamentos e conviccións firmes segundo nos vai amosando o debullar das súas palabras. Ideas elevadas de liberdade e igualdade expresadas de maneira sinxela nun plano medio frontal cun leve contrapicado moi sutil que pon o espectador ante Lincoln, como se estivera alí, escoitando o seu discurso con proximidade pero tamén con veneración. Un contraplano que amosa unha nena e un neno, o futuro da nación, que asenten e sorrín co que o mozo simpático lles conta sérvelles a Lamar Trotti, guionista, e John Ford, director, para reforzar as nocións de inocencia e pureza que subxacen na mensaxe de Abe. Porque neste fantástico filme de Ford, *O mozo Lincoln* (1939), aquel que co tempo se converterá no presidente da nación será máis Abe que o señor Lincoln do título orixinal. Xa desde os títulos de crédito se xoga con estas representacións dos grandes valores na utilización da canción "Glory, Glory, Aleluya", con fortes referencias á liberdade como principio fundamental dun país que tiña recente a súa independencia do Reino de Gran Bretaña. E, ao mesmo tempo, coa sinxeleza reflectida no poema de Rosemary Benét que dá fin a esta introdución na que lemos as palabras da nai de Lincoln dirixidas ao seu fillo. Patria, nai (como representación da familia baixo o código fordiano) e liberdade son os grandes conceptos que sustentan o credo desta nación que terá en Abraham Lincoln un dos seus máis míticos líderes. Apenas cinco minutos de metraje e na nosa mente todo este aluvián xa está máis que claro e comprendido.

As bucólicas imaxes de Abe no campo, deitado na herba ao pé dunha árbore, lendo un libro de leis transmítenos a través do contacto e a identificación coa natureza as mencionadas sinxeleza e pureza que son un espello do carácter do protagonista. En todo momento *O mozo Lincoln* sabe fundir cunha perfección modélica o seu contido conceptual cunha narrativa fluída e elegante. Tamén o uso da música axudará a remarcar os sentimentos, coa creació do estado determinado a cada tramo do filme, ao preparalle o camiño ao espectador que abrirá as súas emocións ao que as imaxes colmarán. Así, no paseo de Abe coa súa namorada Ann Rutledge pola ribeira do río, a música sentimental composta por Alfred Newman para esa secuencia acompaña a súa conversación de soños de futuro e amor incipiente cunha grande emotividade. Ou máis escura cando contemplamos xunto a Abe, case tocando o seu ombro co noso, a tumba de Ann mentres deposita unhas flores sobre ela e lle fala das súas dúbidas e temores, de que facer coa súa vida, como se a moza estivese aínda viva. O mesmo río que viu nacer o seu idilio corre agora cargado de anacos de xeo entre a paisaxe nevada. Esa fidelidade e ese recordo constante cara as figuras non só de Ann, o amor puro de xuventude, senón tamén cara a súa nai, o lazo familiar, serán recorrentes durante todo o filme. A figura mítica tamén tivo os seus momentos de indecisión e dor, pero serán superados con forza e convicción grazas a eses fortes ideais, os dos propios Estados Unidos, os de cada un dos seus cidadáns libres, construindo a historia dunha nación ao estilo Hollywood. O mesmo Hollywood que apenas cinco anos sería reprimido sen piedade polo contundente Código Hays por reflectir con verdadeira liberdade os Estados Unidos da súa época.